

XOGAMOS COA A AUGA



EDUCACIÓN INFANTIL


MARZO 2011

XOGAMOS COA AUGA

No 2º ciclo da Educación Infantil traballamos as propiedades da auga facendo distintos experimento :

Primeiro quixemos saber os coñecementos previos que tiñan os nenos/as sobre a auga e preguntamos de que cor crían que era a auga.

Os resultados foron os seguintes:



A continuación comprobamos a cor real da auga e vimos que era transparente porque a través dela podíase ver o que había detrás.

En canto ao sabor decidimos probar a auga soa e modificada con azucre e sal.



Do mesmo xeito comprobamos que a auga é inodora porque non ten olor.

Noutro experimento observamos que obxectos aboiaban na auga e cales afundían, para iso eliximos distintos materiais: madeira, metal, plastilina, plástico...



Escoitamos o son da auga tocando cunha culleriña en vasos de cristal con diferentes niveis de auga.



Fixemos tamén distintas mesturas:

Primeiro con aceite. Preguntamos se o aceite e a auga se mesturaban e obtivemos diversas respostas. A continuación axitamos a mestura e observaron como o aceite subía por riba da auga.



Despois diluímos pinturas de cores na auga e mesturámolas obtendo novas cores.



Por último quixemos coñecer os estados da auga.

O primeiro estado era o líquido que xa o coñecíamos.

O segundo foi o sólido. Para iso enchemos con esas mesturas moldes de diferentes formas e levámoslos ao conxelador.



Ao día seguinte comprobaron como se convertira en xeo



Ao longo do día vimos como o xeo se derretía e volvía ao estado líquido e, posteriormente, coa calor, convertíase en vapor de auga.